

Convocatoria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego para o día 21 de xullo de 2022.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, debe realizar sesión ordinaria os xoves da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, e á vista dos expedientes de competencia da dita comisión que constan con proposta de resolución nesta Secretaría Xeral, propono que pola Presidencia da comisión, se dite a seguinte resolución

Convocar a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego en sesión **ordinaria**, para o **día 21 de xullo de 2022**, ás 17.00 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2022/40R/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de xuño de 2022.

2. 2022/10406H PRESIDENCIA

Moción do BNG relativa ao desmantelamento do transporte público colectivo terrestre en Ourense e Galiza.

3. MOCIÓN DE URXENCIA.

4. ROGOS E PREGUNTAS.